



Concello de Meaño

RESOLUCION DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN A CONGOSTRA TEAM SANXENXO CON MOTIVO DA ORGANIZACION DO VII RALLYE DE PONTEVEDRA.

EXPEDIENTE: 335/2025

I. Antecedentes.

1. Segundo a memoria presentada o 12/03/2025 (2025-E-RE-393), Congostra Team Sanxenxo ten previsto organizar o “VII RALLYE DE PONTEVEDRA - SANXENXO 365 DÍAS DIFERENTES” os días 6,7 e 8 de xuño de 2025, con base central en Sanxenxo e de ahí vaise a desplazar aos concellos de Meaño, Cerdedo-Cotobade, Barro e Moraña.

2. O 21/04/2025 esta alcaldía emite memoria na que se xustifica a existencia de razóns de interese público e social para a concesión directa a Congostra Team Sanxenxo dunha axuda por importe de 2.500,00 €, para a organización do “VII RALLYE DE PONTEVEDRA - SANXENXO 365 DÍAS DIFERENTES”, dado o carácter puntual e excepcional deste evento, que dificulta a convocatoria pública dunha subvención.

3. En virtude da providencia ditada pola Alcaldía, incorpóranse ao expediente informe da secretaria-interventora, informe de fiscalización, retención de crédito e borrador de convenio de colaboración, como instrumento para canalizar a subvención proposta.

II. Fundamentos xurídicos.

1º.- Ao abeiro do artigo 22.2 c), da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa, *“Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”*

2º.- Segundo sinala o artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a resolución de concesión e, non seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvención establecerán as condicións e compromisos aplicables.

3º.- Ao abeiro do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Base VII das Bases de Execución do Orzamento 2024 prorrogado, correspóndelle á Alcaldía a *“12. Concesión directas de subvencións por razóns de interese público, social, económico ou humanitario debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, cuxa contía non supere os 3.000,00 € para un mesmo beneficiario,*





Concello de Meaño

unha mesma finalidade e nun mesmo exercicio; así como a aprobación da xustificación das mesmas”.

A vista do expediente de subvención tramitado, esta Alcaldía no exercicio das competencias que ten atribuídas RESOLVE:

1º.- Outorgar á CONGOSTRA TEAM SANXENXO (CIF G36576346) unha subvención directa por importe de 2.500,00 € para a organización do “VII RALLYE DE PONTEVEDRA - SANXENXO 365 DÍAS DIFERENTES”, que se celebrará os días 6,7 e 8 de xuño de 2025, con base central en Sanxenxo dende onde se desprazará aos concellos de Meaño, Cerdedo-Cotobade, Barro e Morañ, para financiar gastos vinculados á celebración deste evento.

2º.- Aprobar o **“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ESCUDERÍA CONGOSTRA TEAM SANXENXO (CIF G36576346) QUE TEN POR OBXECTO ARTICULAR A CONCESIÓN DIRECTA, AO ABEIRO DO ARTIGO 22.2.C) DA LEY 38/2003, DE 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCÍONS, DE SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA CONGOSTRA TEAM SANXENXO PARA O VII RALLYE DE PONTEVEDRA”**

En Meaño, **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Carlos Viéitez Fernández, con DNI nº **3097***, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcalde, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei de bases de réxime local.

Doutra parte, D. José Antonio Otero Domínguez, con DNI nº **315***, na súa calidade de presidente da Escudería CONGOSTRA TEAM SANXENXO con CIF quen ratifica a súa condición de presidente desta entidade, e DECLARA que a mesma se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local e que non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.





Concello de Meaño

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas.

Ámbalas partes, facendo uso da representación que ostentan e coa capacidade legal para celebrar este acto

EXPOÑEN

1.-Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para á firma do presente convenio.

2.- Que o Concello de Meaño ten como unhas das súas competencias a promoción da actividade turística de interese de ámbito local e do deporte, de acordo co previsto no artigo 25.2. apartados h e l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

3.- A escudería Congostra Team Sanxenxo ten previsto organizar o “VII RALLYE DE PONTEVEDRA - SANXENXO 365 DÍAS DIFERENTES” os días 6,7 e 8 de xuño de 2025. Dito Rallye é unha actividade de fomento para favorecer a práctica deportiva, este evento deportivo incrementa a cohesión social, motivo polo cal se considera que o impulso municipal á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén no desenvolvemento local. Ademais, a celebración de este evento deportivo de primeiro nivel contribuirá a promoción turística de Meaño xa que reporta a presenza de medios de comunicación e os asistentes ao evento, así como a súa difusión a través das redes sociais.

4.- A Escudería Congostra Team Sanxenxo e o Concello de Meaño coinciden no obxectivo da divulgación e recoñecemento dos valores da práctica deportiva, neste caso do deporte a motor e a súa promoción, que tamén directamente contribuirá á promoción turística do Concello de Meaño.

A tal efecto a Escudería Congostra Team Sanxenxo, organiza o VII RALLYE DE PONTEVEDRA, os días 6,7 e 8 de xuño de 2025, coa base central en Sanxenxo dende onde se desprazará aos concellos de Meaño, Cerdedo-Cotobade, Barro e Moraña.

5.-Este evento se encadra no marco das iniciativas do Concello de Meaño para a promoción deportiva e turística dada a repercusión social e económica que a celebración deste evento suporá neste termo municipal e que o Concello de Meaño terá presenza na publicidade e difusión deste evento, aproveitando o impacto que xera entre os afeccionados.

6.-Dado o carácter puntual e excepcional deste evento, que dificulta a convocatoria pública dunha





Concello de Meaño

subvención e as acreditadas razóns de interese público, social e económico do mesmo, é polo que se articula o presente convenio, que ten por finalidade canalizar a concesión directa, ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dunha subvención á escudaría CONGOSTRA TEAM SANXENXO para a organización do VII RALLYE DE PONTEVEDRA.

7.- Que para a formalización do presente convenio existe consignación orzamentaria suficiente na partida 341-4800001.

8.-Segundo a regulación contida nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público, son convenios de colaboración os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas entre si ou con suxeitos de dereito privados para acadar un fin común, que contribúan a realización de actividades de utilidade pública ou interese xeral.

Por todo o exposto acórdase asinar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes **CLÁUSULAS**

PRIMEIRA. OBXECTO. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración económica entre o Concello de Meaño e a Escudaría CONGOSTRA TEAM SANXENXO para a organización do VII RALLYE DE PONTEVEDRA que terá lugar os días 6, 7 e 8 de xuño do 2025.

SEGUNDA.- SUBVENCIÓN E FINALIDADE. O importe da subvención ascende a 2.500,00 €, e serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 341.4800001.

A devandita axuda será destina ao financiamento de gastos da organización do VII RALLYE DE PONTEVEDRA.

TERCEIRA- OBRIGAS DO BENEFICIARIO. A escudaría CONGOSTRA TEAM SANXENXO comprométese a:

- 1) Realizar a actividade subvencionada, segundo a normativa en vigor que rexe para a organización deste tipo de eventos deportivos.
- 2) O desenvolvemento deste evento será por conta e risco da escudaría CONGOSTRA TEAM SANXENXO, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos, danos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste evento
- 3) Xustificar perante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede subvención.
- 4) A facer a debida publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño de forma



Concello de Meaño

clara e inequívoca; incluíndo o logotipo do Concello de Meaño en tamaño suficientemente visible en toda a publicidade en formato físico e dar conta de esponsorización nas publicacións que se poidan levar a cabo en emisoras de radio, televisión ou similar.

5) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.

6) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos.

CUARTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS. A presente subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

QUINTA. LIBRAMENTO DA AXUDA. FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PRAZOS

Para percibir a subvención a Escudaría CONGOSTRA TEAM SANXENXO deberá presentar a seguinte documentación por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño:

- * Memoria xustificativa da competición.
- * Conta xustificativa do gasto, segundo **Anexo II** que se achega.
- * Factura/as ou documentos equivalentes, indicando concepto e importe, conformada polo/a Presidente/a da asociación.
- * Acreditación de ter realizado o pago do/s gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria para facturas por importe maior o igual a 1.000,00 € (artigo 7 da lei7/2012, de 29 de outubro, de modificación de la normativa tributaria y presupuestaria y de adecuación de la normativa financiera para la intensificación de las actuaciones en la prevención y lucha contra el fraude). Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 1.000,00 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou CIF e sinatura). De acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, se considera gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.





Concello de Meaño

- * Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).
- * Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.
- * Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago.
- * Xustificación da publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño.

Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requirirase á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, se terá por desistida a petición de libramento de fondos correspondentes á axuda concedida, e se arquivará previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da citada norma.

O beneficiario disporá dun mes para a presentación da documentación xustificativa no Rexistro de Entrada do Concello a contar dende o día seguinte ao remate do VII RALLYE DE PONTEVEDRA. De non xustificarse perderase o dereito a esixila.

SEXTA.- RESPONSABILIDADES. A Escudaría CONGOSTRA TEAM SANXENXO queda sometida á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO. Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola concelleira de educación, cultura, deporte, ocio e tempo libre, un/unha empregada pública do Concello de Meaño e o presidente da Escudaría CONGOSTRA TEAM SANXENXO.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de ser o caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

OTAVA.- REVOGACIÓN. O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:

- Non reunir os requisitos legalmente establecidos para acadar a condición de beneficiario de axudas e subvencións públicas.
- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o



Concello de Meaño

impediran.

-Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.

-Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.

-Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.

-Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

NOVENA.- VIXENCIA. O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, extendéndose a duración do mesmo ata o remate da celebración do VII RALLYE DE PONTEVEDRA

DÉCIMA.- NATUREZA. O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e publicado no portal de transparencia do Concello de Meaño, autorizando expresamente os asinantes a publicación dos seus datos persoais.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade os participantes asinan dixitalmente o presente Convenio.”

3º.- Aprobar o gasto derivado deste Convenio, que ascende a 2.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341.4800001 do Orzamento Municipal prorrogado 2024 prorrogado.

4º.- Remitir o presente convenio a Base de Datos Nacional de Subvencións e notificalo aos beneficiarios para a súa sinatura.





Concello de Meaño

Mandao e asinao o alcalde, na data indicada no marxe, do que como secretaria-interventora da corporación dou fe para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo.

Documento asinado electronicamente.

